

MATERIAIS LINGÜÍSTICOS

Rodríguez León, María Esmeralda

Pequeno refraneiro alemán-galego / M^a Esmeralda Rodríguez León

Vigo: Universidade de Vigo, Servizo de Publicacións, D.L. 2003
88 p. ; 24 cm. – (Materiais lingüísticos; 4)

D.L. C-1728-2003 – ISBN 84-8158-247-6

1. Proverbios alemáns – Traduccions galegas
I. Universidade de Vigo. Servicio de Publicacións, ed.

821.112.2-84.03

Edición:

Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo

Rectorado da Universidade de Vigo

r/ O Porto, 1

36201 Vigo

Tel. 986 813574

Fax: 986 813559

© María Esmeralda Rodríguez León

© Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, 2003

© Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 2003

Printed in Spain - Impreso en España

I.S.B.N. 84-8158-247-6

Depósito Legal: C-1728-2003

Deseño e maquetación: Acuarela Comunicación sll

Imprime: PLANA Artes Gráficas,S.L. - Santiago

Reservados todos los derechos. Ninguna parte de este libro puede reproducirse o transmitirse por ningún procedimiento electrónico o mecánico, incluyendo fotocopia, grabación magnética o cualquier almacenamiento de información e sistema de recuperación, sin el permiso escrito de la Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo.

materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos
materiais
lingüísticos

PEQUENO REFRANEIRO ALEMÁN-GALEGO

M^a Esmeralda Rodríguez León



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Índice

ABREVIATURAS UTILIZADAS NESTE TRABALLO	6
I. PROPÓSITO DESTE TRABALLO	7
II. PROBLEMA TERMINOLÓXICO E CONCEPTUAL	8
1. Características das UFS	9
2. Clasificación das UFS	9
3. A orixe dos refráns	15
4. Uso dos refráns	17
III. DIFICULTADES E FACILIDADES NA TRADUCCIÓN DOS REFRÁNS	24
1. Os universais paremiolóxicos	26
2. Estratexias para a traducción de refráns	27
2.1. Estratexia proposta por Julia Sevilla Muñoz	27
2.2. Estratexia proposta por Joaquim Mallafrè	28
IV. CRITERIOS SEGUIDOS PARA A CREACIÓN DO REFRANEIRO	31
V. O SEXISMO E O REFRANEIRO	38
VI. PEQUENO REFRANEIRO ALEMÁN > GALEGO	41
<i>Esel</i> (burro)	41
<i>Frau, Mädchen, Weib</i> (muller, nena e rapaza)	43
<i>Gaul, Pferd</i> (cabalo)	48
<i>Geld</i> (cartos, diñeiro)	51



<i>Hahn, Huhn, Henne</i> (galo, galiña, pito)	54
<i>Hund</i> (can)	56
<i>Kater, Katz, Kätzchen</i> (gatos, gatas, michos)	63
<i>Kinder</i> (nenos)	66
<i>Mann</i> (home)	68
<i>Ochs, Kuh, Kalb</i> (vaca, boi, touro, cuxo)	69
<i>Schwein, Sau</i> (porco, porca)	72
VII. ÍNDICE DE REFRÁNS ALEMÁNS	74
VIII. ÍNDICE DE REFRÁNS GALEGOS	79
IX. BIBLIOGRAFÍA	83

Abreviaturas utilizadas neste traballo

Des.....	Desautomatización
DRAE	Diccionario de la Real Academia Española
Eq.....	Equivalencia
LM.....	Lingua meta
LO.....	Lingua orixe
PFC	Proxecto fin de carreira
S.....	Sinónimo
TL.....	Traducción literal
UF.....	Unidade fraseolóxica
UFS	Unidades fraseolóxicas
V.....	Variante

Propósito deste traballo

O propósito deste Proxecto Fin de Carreira consiste en proporcionarlle ó traductor unha ferramenta de traballo á que poder acudir á hora de traducir refráns alemáns ó galego. Non obstante, consideramos que, para a axeitada traducción de refráns resulta de grande importancia saber diferencialas doutras unidades fraseolóxicas, coñecer as súas características, orixe, uso, etc. Estes temas trataranse na primeira parte deste traballo, na que tamén se proporcionarán distintas estratexias de traducción de refráns que o traductor pode empregar no caso de atoparse cun refrán nun texto que estea a traducir. Esta primeira parte do PFC podémola considerar como unha parte teórica, mentres que a segunda parte, o propio refraneiro, sería a aplicación práctica da teoría anterior.

Á hora de escoller un tema para a realización do PFC, a posibilidade de crear unha ferramenta que resultase útil para o traductor resultou ser unha idea moi interesante. Pero a utilidade da creación dun refraneiro alemán-galego non só queda restrinxida ó ámbito da traducción. Debido á situación histórica da lingua galega que durante séculos quedou reducida á fala, actualmente o traductor atópase cunha escaseza ou inexistencia de dicionarios e obras de consulta xerais e especializados en lingua galega. Actualmente o galego atópase inmerso nun proceso de normalización no que unha parte moi importante reside na realización de dicionarios, glosarios, obras de consulta, etc. xa non só monolingües senón tamén bilingües ou multilingües. O refraneiro alemán-galego que resulta da realización deste PFC pretende se-la nosa pequena achega a este proceso.

II.

Problema terminolóxico e conceptual

Se buscamos ‘fraseoloxía’ nun dicionario non especializado, coma por exemplo o DRAE, atopámo-la seguinte definición:

Fraseología: estudio del conjunto de frases hechas, locuciones figuradas, metáforas y comparaciones fijadas.

Como se pode observar, esta definición resulta moi profusa, o que denota a diversidade existente no tocante á terminoloxía referida ás unidades fraseolóxicas, a seguir UFS. Estes son algúns exemplos da diversidade existente no tocante ás designacións: expresións idiomáticas, modismos, locucións, clixés, frases feitas, refráns, proverbios, paremias. Estes termos adoitan ser utilizados de modo indistinto, debido ó descoñecemento e confusión terminolóxica que existe sobre este eido lingüístico. Outro dos motivos desta abundancia de designacións reside en que estas unidades comparten moitas características, o que provoca unha gran confusión, non só terminolóxica, senón tamén conceptual. Polo tanto, antes de aborda-la traducción de refráns, é moi importante distingui-los distintos tipos de UFS e as súas características.

A modo de introducción pódese dicir que as UFS conteñen un elemento abstracto e o seu significado final non resulta da suma dos significados parciais dos seus compoñentes. Zuluaga (1999: 537-549) denomina esta característica idiomaticidade, e na súa clasificación de UFS, é un referente fundamental para establece-las diferencias entre elas. Outra das características máis importantes das UFS é o grao de fixación: unha unidade ten unha determinada orde, forma

e compoñentes; o grao de fixación (imposibilidade de alteración) que posúen estes elementos diferenciará unhas UFS doutras. As UFS, comparten unha serie de características que serven para identificalas no resto do discurso no que van incluídas; a continuación abórdanse de xeito máis detallado estas características.

1. Características das UFS

- Frecuencia de co-aparición: a probabilidade que hai de que dúas unidades léxicas aparezan combinadas na lingua xeral.

P. ex. Facer algo de tas en bas

A probabilidade de que ‘facer algo de tas en bas’ apareza sempre xunto é moi alta, polo tanto considérase unha unidade fraseolóxica, xa que ‘de tas en bas’ non aparece por si só na lingua.

- Frecuencia de uso: cando unha expresión se utiliza repetidamente e na mesma orde prodúcese unha institucionalización (Corpas 1997: 32-44) que é aquel proceso polo cal unha unidade do discurso libre entra a formar parte do discurso repetido. Dentro de este proceso Corpas diferencia entre a fixación e a lexicalización.
 - Fixación: aquela propiedade que teñen certas expresións para seren reproducidas na fala como combinacións previamente feitas. Esta fixación é arbitraria (establecida polo uso).
 - Lexicalización: a fixación leva á especialización semántica. Cando a unidade se fixa, únese a un determinado significado, e así aparece a unidade lexicalizada.

2. Clasificación das UFS

Do mesmo xeito que parece non existir acordo sobre cáles son as unidades que comprende a fraseoloxía e o termo xeral utilizado para

denominalas, tampouco existe un acordo moi grande no tocante á clasificación destes fenómenos léxicos.

A continuación resumiremos e analizaremos brevemente as clasificacións de Corpas, Zuluaga e Casares presentadas no *Manual de fraseología española* (Corpas 1997: 32-271), co obxectivo de ofrecer unha proposta globalizadora. Cómpre destacar que neste resumo faremos especial fincapé nos refráns para así podelos diferenciar das outras UFS.

Gloria Corpas propón a seguinte clasificación

- Locucións: unidades da lingua con fixación interna, teñen unidade de significado que non parte directamente da suma dos significados dos elementos léxicos, non forman enunciados completos e dentro da oración funcionan como elementos oracionais.

Ex. *Ser un fuxe fuxe*

Ter cara de ferreiro

- Enunciados fraseolóxicos: fórmulas rutineiras e paremias (citas, enunciados de valor específico, refráns).

Ex. *Deus cho pague* (fórmula rutineira)

O home é un lobo para o home (cita)

As silveiras teñen orelleiras (enunciado de valor específico)

- Refrán: enunciado fraseolóxico que ten un significado autónomo e unha identidade sintáctica autónoma (é independente).

Ex. *O home, pola parola; e o boi pola corda*

Para diferencia-los niveis da fraseoloxía e para distingui-los refráns doutras UFS, Gloria Corpas (1997: 136-137) utiliza os seguintes criterios:

- Lexicalización: unha unidade fraseolóxica ten un significado diferente á suma do significado dos seus elementos. Os refráns, as locucións e incluso as fórmulas rutineiras están lexicalizadas.
- Autonomía sintáctica: permite distingui-las unidades fraseolóxicas que precisan doutros elementos para funcionar dentro do discurso. Este criterio permite distingui-las locucións dos enunciados fraseolóxicos.

P. ex. **Andar de chinquilimpé*

Eu ando de chinquilimpé

Esta UF é unha locución porque precisa dun suxeito para funcionar dentro do discurso

- Autonomía textual: permite distingui-las unidades que teñen autonomía textual daquelas que non a teñen. O refrán ten autonomía textual. As unidades que teñen autonomía textual tamén teñen unha entoación distinta que axuda a distinguilas do resto do discurso. Outro xeito de marca-la autonomía destas unidades é mediante a aparición dos presentadores que serven de introductores.

P. ex. *Como dixo o outro...*

Como di o refrán...

Como din...

- Valor de verdade xeral: unha unidade fraseolóxica ten un carácter de verdade xeral que se cumpre en tódolos casos. Unha unidade fraseolóxica sen valor de verdade xeral non pode ser un refrán.

P. ex. *Ó albeitar non lle doe a carne da besta*

Aínda que Corpas utiliza este criterio para distingui-las UFS, o valor de verdade xeral é un valor relativo. Pódese dicir que algúns refráns son “máis verdade” ca outros, dependendo de se teñen unha ideoloxía detrás, p. ex. refráns que falan da bondade de Deus, que entón se consideran verdades xerais (entre os crentes, claro); ou se non teñen unha ideoloxía ou crenza detrás, que entón son verdades relativas, p. ex. a muller e a galiña pequeniñas.

Tamén se dan casos de refráns que son certos pero que están desprazados da súa zona xeográfica. Neste caso a verdade xeral resulta “mentira” na zona onde se utiliza o refrán desprazado.

P. ex. *Abril augas mil*

En Galicia non hai diferenza entre a chuvia do mes de abril e a de outubro. Este refrán posiblemente importouse de Castela onde si que se axusta máis as características climáticas.

- Carácter anónimo: este criterio permite distingui-las citas dos refráns. As citas teñen unha orixe determinada, un autor coñecido e



os refráns non. Ás veces as citas perden a súa orixe e pasan a funcionar coma refráns, aínda que son poucos casos.

A clasificación que propón Zuluaga (Corpas 1997: 41-44) resulta moi interesante porque ademais de introducir dous criterios para a clasificación das UFS, introduce o termo de idiomaticidade. A clasificación das UFS que establece Zuluaga depende:

a) das características da súa estrutura interna (fixación e idiomaticidade):

- fixas e non idiomáticas: *meu dito, meu feito*
- semiidiomáticas¹: *carto sobre carto*
- idiomáticas: *medir polo ferrado da Guarda*

Idiomaticidade: o significado final dunha UF non resulta da suma dos significados parciais dos seus compoñentes.

b) do valor semántico-funcional (función sintáctica que desempeña a unidade dentro do discurso). Esta clasificación baséase na clasificación de Casares.

– Locucións: expresións fixas que necesitan combinarse con outros elementos no interior da frase para poder constituír un enunciado completo.

P. ex. *Andar á paparrandona*

– Enunciados fraseolóxicos: expresións fixas capaces de constituír por elas mesmas enunciados completos. Dentro dos enunciados fraseolóxicos, Zuluaga distingue entre:

- Frases: enunciados fraseolóxicos contextualmente marcados, que non se consideran textos porque dependen do contexto lingüístico ou pragmático para o seu funcionamento. A esta categoría pertencen os ditos, clichés, fórmulas.
- Textos: enunciados fraseolóxicos funcionalmente libres. A esta categoría pertencen os refráns.

¹ Enténdese ‘fixas e semiidiomáticas’, ‘fixas e idiomáticas’, posto que, segundo Zuluaga “a idiomaticidade presupón a fixación”.

● ● ● ● ● ● ● ● ● ● problema terminolóxico conceptual

Aínda que non presentaremos a clasificación completa de Casares, xa que consideramos que as de Corpas e Zuluaga resultan bastante representativas, incluimos a súa definición de refrán (Corpas 1997: 35) para así poder abordar algúns aspectos formais destes.

“Refrán: oración completa e independente que relaciona polo menos dúas ideas, e que se caracteriza formalmente polo seu artificio, traducido en rima, aliteración, paralelismo, etc. e que expresa unha verdade universal.”

Despois de analizar esta definición, cómpre facer algúns comentarios:

- Debido a que os refráns relacionan polo menos dúas ideas, estes posúen estruturas bimembres ou plurimembres.
- A rima resulta un pouco problemática, xa que non sempre existe ou cando existe non é unha rima vocálica. A rima no refrán non hai que entendela como un recurso poético senón como un recurso mnemotécnico.

Ademais, o refrán pode funcionar como transmisor de elementos lingüísticos que están fóra do estándar. Por exemplo, marcadores de elementos históricos (serven para situalos historicamente), de elementos sincrónicos (dialectalismos, axudan a identificar a súa procedencia). Como exemplo dalgún destes elementos cómpre destacalo futuro de subxuntivo:

P. ex. *Como vires así fai*

Tamén aparecen formas léxicas que por seren descoñecidas fan opaco o significado do refrán.

P. ex. *Esterco de charamela², todo é purrela³*

Despois de presentar as anteriores clasificacións pódese observar que existen bastantes similitudes entre elas, aínda que tamén existen certas particularidades en cada clasificación. A partir das características coincidentes, podemos dicir que un refrán é un enunciado fraseolóxico fixado,

² Folla do piñeiro

³ Viño de mala calidade



bimembre ou plurimembre que posúe unha autonomía sintáctica e textual, un significado autónomo e que o seu significado non se obtén a partir da suma dos significados dos compoñentes individuais (idiomaticidade). No obstante, existen outras características presentadas nas clasificacións coas que non estamos totalmente de acordo. Entre estes casos atópanse, por exemplo, as características de verdade xeral, o artificio e o carácter anónimo dos refráns. Como xa comentamos anteriormente, o concepto de verdade xeral non sempre se cumpre xa que depende da ideoloxía na que se fundamenta o refrán, así como da situación xeográfica onde se orixinou este. O artificio, que tamén foi comentado anteriormente, non debe ser entendido como un recurso poético, senón como un recurso mnemotécnico. Por último, o carácter anónimo dos refráns que segundo Corpas permite distinguilos das citas, tamén resulta unha característica un tanto problemática, xa que existen refráns dos que si que se coñece a súa orixe, como por exemplo os refráns de orixe bíblica.

No seu artigo “Divergencias en la traducción de expresiones idiomáticas y refranes (francés-español)”⁴, Sevilla Muñoz presenta a seguinte táboa na que se amosa de modo resumido as principais características e diferencias das expresións idiomáticas e das paremias.

EXPRESIÓN IDIOMÁTICA ←-----→ PAREMIA	
FIXA PROPIA DUNHA LINGUA MEMORIZADA EN COMPETENCIA + - IDIOMÁTICA MORFOSINTAXE PECULIAR (ás veces afastada das normas gramaticais)	
EN USO ELEMENTO ORACIONAL DO DISCURSO NON SENTENCIOSA RENOVACIÓN – CREACIÓN Exemplo: <i>Mete-la zoca</i>	EN DESUSO ENUNCIADO BREVE ENGASTADO NO DISCURSO SENTENCIOSA ALTERACIÓNS Exemplo: <i>Can que morde non ladra en van</i>

⁴ Sevilla en <www.deproverbio.com/DPjournal/DP%2C5%2C1%2C99/SEVILLA/DIVERGENCIAS.html>

Explicación:

En primeiro lugar témo-los dous elementos que se comparan, por un lado a expresión idiomática e polo outro a paremia. Estas dúas UFS comparten unha serie de características que aparecen reflectidas na seguinte fila. Estas características consisten en que as dúas unidades están fixadas, son propias dunha lingua, son idiomáticas (aínda que as paremias teñen un maior grao de idiomaticidade), e teñen unha morfosintaxe peculiar que ás veces se atopa afastada das normas gramaticais.

Nas filas inferiores aparecen as características propias da expresión idiomática e da paremia respectivamente. Se os comparamos, podemos observar que a expresión idiomática atópase en uso, é un elemento oracional do discurso, non é sentenciosa e existe un proceso de renovación-creación; pola contra a paremia ten moito menos uso, é un enunciado breve engastado no discurso, é sentenciosa, e atópase sometida a un proceso de modificación, denominado desautomatización (modificacións producidas nas paremias con fins lúdicos ou cómicos).

3. A orixe dos refráns⁵

Non existen moitos estudos que traten en profundidade sobre a orixe dos refráns. Hoxe en día resulta moi difícil ve-la creación dun refrán, e calquera idea existente con respecto ás orixes pode considerarse como evidente ou polo menos plausible. Os procesos de creación de refráns son moi variados, algúns xorden a partir do uso metafórico ou simbólico dun incidente, outros imitan a refráns xa existentes e outros deben a súa existencia á condensación dunha historia ou fábula.

Os refráns máis artísticos, interesantes e importantes xorden do uso metafórico dun acto ou suceso cotiá: *can ladrador, pouco mordedor; de vacas e xatos van os coiros ó mercado*. Estes son exemplos claros da creación dun refrán mediante este proceso. Unha escena cotiá reflíctese na lingua dun xeito novo e acapara a atención do falante, grávase na súa mente e ensínalle unha lección que recolle o novo refrán.

⁵ Taylor en <http://deproverbio.com/DPjournal/DP,2,1,96/ORIGINS.html>

Dos diferentes modos en que se crean os refráns, o máis importante queda ilustrado pola ampliación do significado dunha frase. Mediante este proceso unha frase empeza a significar moito máis que a suma das palabras que a compoñen. *A cada porco chégalle o seu San Martiño* é unha observación do mundo rural, pero como refrán pode utilizarse en calquera ámbito debido ó seu uso metafórico. O refrán alcanza deste modo o grao de idiomaticidade.

As metáforas utilizadas na creación de refráns xorden do eido familiar e dos acontecementos normais da vida diaria: *o gato escaldado da auga fría foxe; o mellor viño fai borra; máis vale pan con amor que galiña con dor*. O campo, a agricultura e os animais domésticos tamén son elementos moi usuais na creación de refráns: *mentres que está o capador enriba dela, non digas que a porca é túa; a cabalo dado non lle míre-lo dente; o boi manso nos seus cornos crece*. Como é de supor, en Galicia a pesca tamén proporciona bastantes refráns: *non se collen troitas coas bragas enxoitas; a pescada en xaneiro vale carneiro; máis vale pescar no mar linguados que no río barbos*.

Dende a súa creación os refráns transmitíronse principalmente de xeito oral. Este tipo de transmisión orixinou unha serie de variacións nos refráns. Estas variacións prodúcense mediante cambios parecidos ós que se poden atopar nos contos, cancións ou outras creacións populares: un detalle específico cámbiase por outro; un trazo xeral cámbiase por un específico e viceversa; detalles que xorden pola similitude ou polo contraste entran no refrán; prodúcense expansións pola adición de trazos duplicados ou paralelos; detalles obsoletos ou non comprendidos elimínanse, etc. Se tomamos como exemplo o refrán *Ein blindes Huhn findet auch mal ein Korn*, podemos observar moitos dos cambios producidos pola transmisión oral. Os principais están relacionados co animal protagonista do refrán (galo/galiña), e co que atopa (un gran, un gran pequeno, un chícharo), e tamén se poden apreciar variacións na orde da frase.

*Auch ein blindes Huhn findet mal ein Körnlein
Eine blinde Henne findet ein Korn auf der Tenne
Eine blinde Henne kann auch ein Korn finden
Ein blindes Huhn findet auch wohl eine Erbse
Es findet wohl auch ein blindes Huhn ein Weizenkorn*

Curiosamente, o equivalente galego tamén presenta unha serie de variantes:

Facédevos mel e comeravos as moscas
Faites mel e comerante as moscas
O que se volve mel, cómeno as moscas
Quen se fai de mel, cómeno as moscas

4. Uso dos refráns

As condicións lingüísticas e culturais existentes hoxe en día non adoitan ser nada favorables para a utilización dos refráns, que, como Sevilla Muñoz recolle no cadro presentado anteriormente⁶, atópanse en desuso. Este desuso débese a que os refráns non gozan de boa imaxe entre unha gran parte dos falantes, que consideran que son anticuados⁷, ou que as súas ensinanzas xa non teñen vixencia; ademais a lingua está a sufrir un proceso de estandarización⁸ debido en parte ós grandes medios de comunicación como a televisión ou a prensa, proceso que restrinxen cada vez máis a utilización destas unidades propias da tradición popular dun pobo. Sen embargo, malia todas estas dificultades, os refráns aínda sobreviven e poden sorprender ó traductor en calquera tipo de texto. Nalgunhas linguas a presenza de refráns na fala a modo ilustrativo ou para corroborar unha idea resulta moito máis frecuente que noutras. Así por exemplo, debido á súa historia particular, os refráns galegos atópanse en case total desuso a pesar da riqueza paremiolóxica da nosa lingua. Sen embargo, no alemán non resulta nada estraño atoparse con estes enunciados e a miúdo podemos atopar no discurso referencias, máis ou menos claras, a este tipo de manifestacións. Para poder traducilos axeitadamente, o traductor ten que posuí-lo coñecemento, alomenos pasivo, dun bo número de refráns. Ademais deste coñecemento o traductor tamén ten que posuí-la capacidade de identifica-las alusións a estas unidades, así como aquelas que sofren desautomatizacións ou incluso as que aparecen

⁶ Ver páxina 10

⁷ Corpas, 2000: 411

⁸ Casal, 2000: 264-270

incompletas. Por todos estes motivos resulta necesario establecer unha serie de equivalencias entre refráns alemáns e galegos que sirvan de axuda e ferramenta ó traductor, e este é o propósito deste PFC.

Vexamos algúns exemplos de textos alemáns de distinto tipo onde aparecen refráns:

1. Exemplo de texto especializado⁹ (texto sobre psicoloxía):

Detje, Frank (1994): "Guter Rat kommt nie zu spät" - Sprichwörter und Handlungsorganisation. Vortrag auf dem 39. Kongreß der Deutschen Gesellschaft für Psychologie vom 25. - 29. September 1994 in Hamburg. Abstract in: Kurt Pawlik (Hrsg.): 39. Kongreß der Deutschen Gesellschaft für Psychologie - Abstracts Band I. Hamburg: Psychologisches Institut I der Universität Hamburg, S. 116.

2. Exemplo de texto legal¹⁰:

(...) Daß der Sohn aber auch zu Lebzeiten des Vaters für ein Delikt nicht einzustehen braucht, hat die Buchsche Glosse richtig bemerkt. Zu dieser Frage haben sich Sprichwörter gebildet, die dem unseren sehr nahekommen.

– Man soll den Sohn um des Vaters Schuld nicht schlagen [i.e. strafen].

– Kein Kind soll des Vaters Schuld entgelten.

– Dem Kind schadet der Mutter Bruch [i.e. Rechtsbruch] nicht.

Oder auch folgende:

– Stiehlt mein Vater/Bruder, so hängt ein Dieb.

– Jeder stiehlt auf seinen Hals.

– Jedermann stiehlt und raubt, borgt und ficht auf seinen eignen Hals und seine eigne Habe.

Aber:

– Jeder schlägt auf seinen Hals und nicht auf sein Gut (...)

⁹ Detje en <<http://www.uni-bamberg.de/ppp/institute/psy/private/detje/html/abstracts.html>>

¹⁰ Mainhold en <<http://www.rewi.hu-berlin.de/FHI/articles/0010mainhold.htm>>

O dereito alemán e as súas paremias.

As paremias legais son frases que circulan entre o pobo, que teñen a súa orixe nunha norma ou nun principio do dereito. Tamén se cualificaron como a "sabedoría da rúa". Na Idade Media, as paremias legais eran un medio moi importante para facilita-lo coñecemento xurídico. As paremias legais presentan de modo abreviado e fácil de entender as complicadas regulamentacións legais, e facilitan a aprendizaxe das excepcións existentes.


GRÁFICO 1: EXEMPLO DE TEXTO XORNALÍSTICO¹¹

Lehrlinge rasten aus

Es ist bedauerlich, daß manche der heutigen Jugendlichen sich mit „Aktionen“ stark zeigen möchten. Ein altes Sprichwort sagt: „Wie der Herr, so das G'scher“. Das ist nicht bö's gemeint, aber werin schon im Kindergarten oder in der Volksschule die Kinder nicht einmal bö's angeschaut werden dürfen, ist es nicht verwunderlich, wenn sie meinen, daß zum Zeitvertreib auch Zerstörungsaktionen erlaubt sein sollen. Was Hänschen nicht lernt, lernt Hans nimmer mehr.

Weglicka, 8010 Graz

GRÁFICO 2: EXEMPLO DE TEXTO HUMORÍSTICO¹²



Besser eine Minibrust in der Hand als ein Busenstar auf der Bühne.

Dende unha perspectiva funcional tanto os refráns galegos coma os alemáns cumpren a finalidade de toda lingua: a comunicación. Ademais, serven para levar a cabo unha función moral, ética e educativa. Tamén é certo que debido ás características socio-culturais de cada lingua, dous refráns equivalentes¹³ poden ter un uso distinto en

¹¹ Hofmeister en <<http://www-gewi.kfunigraz.ac.at/phrasedo/handout/leserbrief.html>>

¹² Weglicka en <<http://www.filo.pl/publikacje.php?ID=6>>

¹³ Exemplo de refrán equivalente: *Das Auge des Herrn macht das Pferd fett. O ollo do amo engorda o cabalo.*

diferentes linguas. Para poder saber se dous refráns son totalmente equivalentes (non só segundo o seu significado, senón tamén segundo a súa utilización) habería que realizar distintos estudos que tratasen p. ex. o mínimo paremiolóxico de cada lingua, para establecer qué refráns son os máis utilizados e cáles se atopan en desuso; tamén habería que realizar estudos que tratasen a qué nivel da lingua pertence cada refrán, xa que é posible que un refrán que nunha lingua se adscribe a un nivel, noutra lingua o seu equivalente pertenza a outro nivel distinto da fala. A realización deste tipo de estudos precisa dun tratamento moito máis profundo deste tema, e esta tarefa afástase moito do ámbito deste PFC.

Ademais das funcións comunicativa e educativa do refrán, anteriormente citadas, os refráns tamén poden funcionar como marca cultural. Isto é debido a que os refráns non gozan de moi boa consideración entre un sector da sociedade cada vez maior, principalmente entre os máis novos. Os refráns considéranse anticuados¹⁴ e demasiado moralistas e as persoas que os utilizan tamén chegan a recibila mesma cualificación. Parece que hoxe en día a ensinanza contida nos refráns xa non resulta válida ou se atopa fóra de lugar. A sabedoría, valor e normas que contén un refrán, non serven para tódalas situacións, ademais ás veces os refráns contradínse xa que en moitos casos son xeneralizacións que proceden da propia experiencia do seu autor. Por este motivo, non nos ten que parecer sorprendente que os refráns sufran cambios ou incluso que perdan a súa autoridade, converténdose deste xeito en obxecto de burla. Hoxe en día resulta cada vez menos estraño atopar máis e máis refráns modificados, que en alemán se denominan *Antisprichwörter* (antirefráns) ou *parodierte Sprichwörter*¹⁵ (refráns parodiados), e que en galego denominamos refráns desautomatizados¹⁶. A adición de elementos irónicos convértese nun modo rápido e contundente para desautomatizar refráns e así reaccionar ante a súa parcialidade. A seguir presentamos algúns exemplos de refráns desautomatizados ou *Antisprichwörter*:

¹⁴ Corpas, 2000: 411

¹⁵ Weglicka en <<http://www.filo.pl/publikacje.php?ID=6>>

¹⁶ Zuluaga en <<http://userpage.fu-berlin.de/~phin/phin16/p16t5.htm>>

*A cabalo regalado, cambiado por unha moto
A bo acendedor, pouco gas lle basta
Non é ouro todo o que reloce, pode estar bañado
Arbeit adelt – wir bleiben lieber bürgerlich
Der Abfall fällt nicht weit vom Auto*

As novas formas acuñadas tamén precisan dun gran coñecemento da lingua e dos refráns propios dela. O traductor ten que coñece-lo refrán a partir do que se orixina a desautomatización e ten que “crear” unha equivalencia en galego que tamén conteña a ironía do orixinal. A continuación presentamos algúns exemplos¹⁷ dos diferentes métodos de “parodia” que poden utilizarse en alemán para producir desautomatizacións:

- Substitución dun fonema
Or. *Wo ein **W**ille ist, da ist auch ein Weg.*
T.I. *Onde hai vontade, tamén hai un camiño*
Eq. *Querer é poder*
Des. *Wo eine **P**ille ist, da ist auch ein Weg.*
T.I. *Onde hai unha pílula, tamén hai un camiño*

- Substitución léxica
Or. *Lügen haben **kurze** Beine*
T.I. *As mentiras teñen as pernas pequiñas*
Eq. *A mentira logo é collida*
Des. *Lügen haben **schöne** Beine*
T.I. *As mentiras teñen as pernas bonitiñas*

- Adición
Or. *Alles hat ein Ende*
T.I. *Todo ten un final*
Eq. *Cada principio ten a súa fin*
Des. *Alles hat ein Ende – nur die Wurst hat zwei*
T.I. *Todo ten un final, só o salchichón ten dous*

¹⁷ Estes exemplos están tirados de <<http://www.filo.pl/publikacje.php?ID=6>> e de <<http://www.linguist.de/beispiele.html>>. Nesta última páxina amósanse exemplos de desautomatizacións recollidos en diferentes chats da rede, así como de diferentes textos literarios.

– Unión de diferentes refráns

Or. **Eigener Herd ist Goldes wert**

T.l. *Un lar propio vale ouro*

Eq. *¡Miña casiña, meu lar! ¡Cantas onciñas de ouro me vals!*

Or. **Müßiggang ist aller Laster Anfang**

T.l. *Folgar é o principio de todo vicio*

Eq. *A ociosidade é a nai de tódolos vicios*

Des. *Eigener Herd ist aller Laster Anfang*

T.l. *Un lar propio é o principio de todo vicio*

– Inversión

Or. *Die dümmsten Bauern haben die dicksten Kartoffeln*

T.l. *Os labradores máis parvos recollen as patacas máis grandes*


Eq. *Para o ruín porco sempre hai unha boa castaña*

Des. *Die dicksten Bauern haben die dümmsten Kartoffeln*

T.l. *Os labradores máis grandes recollen as patacas máis parvas*

As razóns polas que xorden desautomatizacións deste tipo ou parecidas non poden precisarse con exactitude. Sen embargo, resulta evidente que unha das principais razóns da existencia destes refráns reside na diversión de xogar coa lingua e na mala consideración que, como xa comentamos anteriormente, ten a utilización de refráns. Este tipo de variacións nos refráns podémolas topar en moitos tipos de textos, ben literarios, xornalísticos, publicitarios ou incluso en cómics. No

GRÁFICO 3: EJEMPLO



Keine Rose ohne Dornen, sagte der Hase, bevor er eine Igelin freite

medio xornalístico alemán resulta doado atopar tiras cómicas nas que se xoga cos tradicionais refráns para así acadalo sorriso do lector. Vexamos un exemplo¹⁸:

Zuluaga, no seu artigo “Análisis y traducción de unidades fraseolóxicas desautomatizadas”¹⁹, achega unha serie de observacións xerais sobre a tradución de UFS desautomatizadas que consideramos interesantes e que a continuación presentamos:

1. Non se pode predicar de antemán a traducibilidade ou intraducibilidade das UFS desautomatizadas. Iso decídese en cada caso concreto. Pódese destacar que estas UFS son traducibles se no repertorio da lingua meta existe polo menos unha UF correspondente que, á súa vez, poda desautomatizarse axeitadamente. En todo caso, constitúen un desafío interesante para o lector traductor.
2. Debido ás funcións inherentes das UFS (función de comunicación, de realce, de connotación, icónica e lúdico-poética), concedemos prioridade á busca de equivalencias tamén fraseolóxicas na tradución de textos nos que se presenten estas unidades.
3. Polo tanto, consideramos como exemplos loables de creatividade e de lealdade co orixinal aqueles nos que o traductor, a falta de correspondencias na lingua meta, constrúe *ad hoc* unha estrutura equivalente con forma material propia de UFS; así salva as funcións anteriormente mencionadas.

¹⁸ Weglicka en <<http://www.filo.pl/publikacje.php?ID=6>>

¹⁹ Zuluaga en <<http://userpage.fu-berlin.de/~phin/phin16/p16t5.htm>>

III.

Dificultades e facilidades na traducción dos refráns

O acto de traducir xa resulta complicado por natureza, xa que se trata de reproducir do xeito máis fielmente posible un texto cunha intención, un estilo e unhas características propias, dunha lingua a outra. Esta dificultade aumenta considerablemente cando o texto que se vai traducir contén refráns. A dificultade na traducción destas unidades radica en que posúen unha estrutura e características peculiares, anteriormente citadas, que as converte en singulares. Cando se trata do galego, o problema agrávase polo escasísimo (por non dicir case inexistente) número de dicionarios bilingües e multilingües dedicados a esta parcela lingüística que inclúen a nosa lingua²⁰; ademais, o desuso no que caeron os refráns fai que cada vez resulte máis difícil o seu entendemento e a súa traducción. Debido a esta situación resulta importante o estudio e traducción deste tipo de unidades, xa que representan unha parte moi importante do acervo cultural dun pobo e poden aparecer en calquera tipo de discurso; por esta razón, o traductor ten que posuí-la suficiente competencia lingüística para poder identificalas, comprendelas e busca-la equivalencia axeitada na outra lingua.

Outro problema que presenta a traducción de expresións idiomáticas e refráns é a súa estrutura peculiar, xa que a miúdo non se axeitan ás normas lingüísticas ou conteñen arcaísmos que xa non son entendidos polos falantes²¹. Estas alteracións poden obstaculizar moito o traballo do traductor, que ten que ser capaz de recoñecerlos refráns, e

²⁰ Entre estes podemos destacar *877 refranes españoles con su correspondencia catalana, gallega, vasca, francesa e inglesa* de Sevilla Muñoz, et al. en Ediciones Internacionales Universitarias e o *Diccionario de refráns* de Conde Tarrío en Galaxia, que inclúe as equivalencias en castelán e francés.

²¹ Ver páxina 6

este problema agrávase se pensamos que incluso na súa lingua materna, o traductor non sempre é quen de comprender completamente a mensaxe duns enunciados que poden ter diferentes sentidos e ideas clave dependendo do contexto e da situación. Ademais, en galego o número de persoas que utilizan refráns é moi reducido, polo que resulta moi difícil recorrer a este tipo de “expertos” para consultarlles sobre o significado e a función dun determinado refrán.

O primeiro recurso no que pode pensar o traductor para traducir estas unidades é o diccionario, pero este camiño non sempre conduce a unha solución, e se esta aparece, non sempre é fiable. As diferencias existentes entre expresións idiomáticas e as paremias (especialmente os refráns), tamén aparece reflectida nos dicionarios. Os dicionarios bilingües posúen abundantes expresións idiomáticas, pero recollen poucas paremias populares. Pola outra banda, a abundancia de repertorios paremiográficos multilingües (entre estas linguas normalmente non se atopa o galego) contrasta coa escaseza de dicionarios plurilingües de expresións idiomáticas. Na lingua galega esta escaseza é moitísimo maior. De todos é sabido que a nosa lingua se atopa inmersa nun proceso de normalización, no que unha parte fundamental é a creación de dicionarios, glosarios e obras de consulta, xa sexan monolingües, bilingües, xerais, especializados, ou de calquera outro tipo. Aínda que existen dicionarios e recompilacións paremiolóxicas e fraseolóxicas da lingua galega (*Diccionario de refráns* en Galaxia, *Refraneiro galego básico* de Ferro Ruibal, *Así falan os galegos* en Galinova e *Diccionario de Refráns* en Galaxia, por citar só algúns), é certo que non abundan as obras bilingües ou plurilingües especializadas²². Polo tanto, o traductor galego e os tradutores en xeral, non dispoñen dun repertorio paremiográfico plurilingüe amplo e fiable para realizar unha consulta puntal.

Esta situación de escaseza, xunto coa incompleta información que ofrecen certos dicionarios, fai que, en moitas ocasións o traductor teña que resolve-lo problema traductivo el só. Para poder solucionalo, o traductor ten que posuír uns coñecementos paremiolóxicos suficientes, tanto na lingua estranxeira, para poder identificalas, coma na súa propia, para poder buscar un equivalente. Ademais, como xa

²² Ver nota nº. 20

comentamos anteriormente, o traductor ten que ser capaz de reflecti-las posibles modificacións producidas con fins lúdicos ou cómicos (de-automatizacións). Posuír esta competencia non é tarefa fácil, xa que ademais do anteriormente citado, o traductor tamén ten que ter en conta o uso, o rexistro e o nivel de lingua á hora de utiliza-las expresións idiomáticas.

1. Os universais paremiolóxicos²³

Sen embargo, non todo son dificultades para o traductor que se enfronta ós refráns. Ben é sabido que os refraneiros reflecten o carácter nacional, a alma dun pobo, a súa particular visión do mundo e polo tanto, á hora da tradución, supoñen un obstáculo que a maioría das veces se salva mediante a perda do “sabor” do orixinal. Sen embargo, pódese constatar que, a pesar das características propias de cada lingua e de cada pobo, os refráns teñen un carácter universal. A semellanza, que ás veces chega a ser unha equivalencia completa a tódolos niveis, é máis obvia nos refráns de difusión internacional que se remontan a unha fonte común. Así podemos distinguir refráns:

– de orixe grecolatina

Eine Sorge verdrängt die andere

Un cravo saca outro cravo

– de procedencia bíblica

Der Mensch denkt, und Gott lenkt

O home propón e Deus dispón

– que se difundiron por toda Europa no Medievo

Es ist nicht alles Gold, was glänzt

Non é ouro todo o que reluce

A maioría dos refráns atopa equivalencias noutras linguas: consérvase a estrutura lóxico-semiótica, pero adoita cambia-la estrutura

²³ Nikoláeva, 1997: 445-450

Pero a maioría das veces o distanciamento no tocante ó significante dos refráns na lingua orixe e na lingua meta é suficientemente importante, polo que o traductor debe busca-la equivalencia conceptual do refrán na lingua orixe.

P. ex. *Wer andern eine Grube gräbt, fällt selbst hinein*
O que pide mal para o seu veciño, venlle o seu mal polo camiño

Neste caso, non se pode traducir palabra por palabra o refrán, xa que non se pode esquece-la súa idiomaticidade, o que fai imposible a súa tradución literal, xa que o seu sentido non coincide cos significados actualizados do texto nin coa realidade extralingüística.

Cando falamos de equivalencias aparece outro problema á hora de traducir: as variantes formais²⁶ que pode ofrecer un mesmo refrán. A existencia de refráns co mesmo significado e cun significante moi parecido presenta un novo problema para o traductor.

P. ex. *Facédevos mel e comeravos as moscas*
Faite mel e comerante as moscas
O que se volve mel, cómeno as moscas
Quen se fai de mel, cómeno as moscas

Neste caso, debe se-lo bo sentido do traductor, a súa competencia lingüística e a súa preocupación por traduci-lo que quere dici-lo autor, a pauta que determinará cal é a expresión máis axeitada.

Por último, no caso de que o refrán na lingua orixe non teña equivalencia na lingua meta nin total nin conceptual, Sevilla Muñoz propón que se deixe na lingua orixe, pero sempre cunha nota a pé de páxina, na que se explique o seu sentido conceptual, xa que do contrario, a tradución do texto quedaría incompleta.

2.2. Estratexia proposta por Joaquim Mallafrè

No seu libro *LLengua de tribu i llengua de polis: bases d'una traducció literària* (1991), Joaquim Mallafrè presenta catro estratexias para a tradución de refráns. Estas son:

²⁶ Ver páxina 5

1. Literalidade pre-existente

Son correspondencias case exactas, é dicir, a mesma idea con practicamente as mesmas palabras. Loxicamente, a maioría dos tradutores utilizan esta estratexia sempre que é posible.

2. Equivalencia pre-existente

Trátase dunha correspondencia parcial: a mesma idea expresada con distintas palabras.

Como se pode observar, as dúas primeiras propostas son moi parecidas ás de Sevilla, pero á diferenza desta, cando as primeiras dúas estratexias non se poden aplicar xa que non dispoñemos dun equivalente na lingua meta, Mallafrè propón que o traductor debe crear unha adaptación. Estas son as dúas opcións:

3. Adaptación literal

4. Adaptación equivalente

Estas dúas últimas opcións deben conserva-los elementos básicos de todo refrán: ritmo, alteración da orde, rima, etc., para producir no lector o efecto de que está a ler un refrán. A adaptación literal utiliza aproximadamente as mesmas palabras, conservando o sentido, mentres que a adaptación equivalente correspóndese cunha adaptación máis libre.

Persoalmente, estamos de acordo cos dous autores na necesidade de buscar en primeiro lugar un equivalente total do refrán e no caso de que este non exista, busca-lo equivalente conceptual. En canto á proposta de Sevilla, non estamos de acordo coa súa estratexia cando non existe ningún equivalente para un refrán en LO. A traducción ten que producir no lector a sensación de que está a ler un orixinal, polo tanto, atopar no medio dun texto en galego un refrán dunha lingua tan afastada para o lector coma por exemplo o alemán resultaría contraproducente, aínda que se explique a pé de páxina o seu significado. Neste caso coincidimos coa opción de Mallafrè, que propón a creación dun novo refrán que respecte as características propias deste na LM, e polo tanto produza no lector a sensación de estar a ler un



orixinal. Incluso se o traductor considerase que con esta adaptación o significado do refrán non resulta claro, ou considera que ten que explicar algo máis sobre o refrán orixinal, podería pensar na posibilidade de engadir un comentario a pé de páxina. Sen embargo, consideramos que esta opción ten que ser moi sopesada, xa que o traductor ten que pasa-lo máis desapercibido posible.

IV.

Criterios seguidos para a creación do refraneiro

O primeiro paso para a creación dun refraneiro é a elección do sistema que se vai utilizar para agrupar ou organiza-lo material recollido. Existen diferentes sistemas para levar a cabo este labor, p. ex., método étnico-xeográfico, cronolóxico, lingüístico, etc²⁷. Sen embargo, existen dous métodos que predominan dentro da estruturación dos refraneiros, estes son o alfabético e o temático. Como o seu propio nome indica, o método alfabético ordena os refráns alfabeticamente, e o temático por temas. Neste refraneiro utilizouse o método temático para poder restrinxi-lo ámbito de estudio segundo se explicará máis adiante.

A creación dun refraneiro temático pode presentar algúns problemas debido a que a miúdo un refrán pode ofrecer varias posibilidades de interpretación. Isto é debido ó seu contido metafórico. Vexamos algúns exemplos²⁸ das posibilidades de interpretación dun refrán alemán.

Auch dem Teufel soll man eine Kerze anzünden

1. Hai tanta xente boa como mala no mundo
2. Entre a xente que vai á igrexa tamén hai malas persoas
3. Unha mala persoa tamén pode ir á igrexa
4. Unha mala persoa tamén pode ser boa algunha vez
5. Unha persoa boa tamén pode facer unha cousa mala, etc.

²⁷ Estonian folklore archives en <<http://haldjas.folklore.ee>>

²⁸ Estonian folklore archives en <<http://haldjas.folklore.ee>>

Esta variedade de interpretacións supón un problema xa que intentar incluír cada refrán nunha soa categoría pode supo-la restricción do significado deste e a ordenación arbitraria do refraneiro (dependente da interpretación do propio autor). No caso anterior, por exemplo, o refrán alemán podería incluírse nos seguintes temas: “visita á igrexa”, “a bondade e maldade do home”, “erros e vicios”, ou tamén en “equivocacións”. Sen embargo, malia estas dificultades e segundo se explicará no seguinte apartado, o método temático é o máis axeitado para a elaboración deste refraneiro.

A continuación expoñerémo-los pasos que seguimos para a creación do refraneiro:

1. Escolla das categorías. A escolla das categorías que debían aparecer neste refraneiro tivo que realizarse con moito coidado. A construción dun refraneiro “alfabético”, que abarcara todo tipo de refráns, resultaba unha tarefa demasiado ampla para este PFC, e intentar abarcar un rango demasiado amplo de categorías, tería como resultado máis que probable un refraneiro con moitas deficiencias e carencias. Por este motivo, decidimos escoller un número determinado de categorías, dez en total, no que poder centrarse e así obter un mellor rendemento. Para a elección destas categorías baseámonos nos seguintes criterios:

- debían ser unhas categorías representativas nun refraneiro. Isto quere dicir que teñan unha presenza importante.
- debían ser unhas categorías válidas para as dúas linguas do refraneiro. A saber, había que escoller categorías alemanas para as que se puidesen atopar correspondencias en galego.
- os refráns conteñen unha “verdade xeral”²⁹ ou fan referencia a costumes, traballos, etc., que pertencen a cultura de cada pobo. Polo tanto, non incluimos refráns de sentido moi restrinxido, como os meteorolóxicos, os temporais ou supersticiosos, pola dificultade que supón localiza-la correspondencia paremiolóxica oportuna en galego.

²⁹ Ver páxina 3

Segundo estes criterios escollémo-las seguintes categorías: *Esel* (burro), *Frau, Mädchen, Weib* (muller, rapaza), *Gaul, Pferd* (cabalo), *Geld* (cartos), *Hahn, Huhn, Henne* (galo, galiña e pitos), *Hund* (can), *Kater, Katz, Kätzchen* (gato, gata, michiños), *Kinder* (nenos e fillos), *Mann* (home), *Ochs, Kuh, Kalb* (boi, touro, vaca, cuxo), *Schwein, Sau* (porco, porca). Os motivos polos que escollemos estas categorías e non outras que compartían os mesmos criterios foron os seguintes:

- Categoría dos animais domésticos: aínda que cada vez menos, a sociedade alemana tamén ten un gran compoñente rural, igual que Galicia. Se ademais temos en conta que os refráns non teñen unha orixe recente, senón que algúns teñen a súa orixe hai séculos atrás, resulta fácil deducir que todo aquilo relacionado co mundo rural, o agro, as colleitas, os animais domésticos, etc., terá unha gran representación no refraneiro alemán e galego. Polo tanto, a escolla destes animais (burro, cabalo, can, galo, gato, porco e vaca) como categoría aseguraba unha boa fonte para a súa comparación nas dúas linguas.
- Cartos: sobran as explicacións se facemos caso dos seguintes refráns: *Geld regiert die Welt – O diñeiro é o amo do mundo enteiro.*
- Home, muller, nenos e fillos: ¿que categoría paremiolóxica poderíamos atopar que fose máis universal que a do ser humano en tódalas súas etapas vitais? Aínda que os refráns son propios de cada cultura, ben é certo que non hai nada máis común a tódalas culturas que o propio creador destas, o home.

2. Selección dos refráns alemáns. Esta selección realizouse tendo en conta a conveniencia de poder atopar para a maioría deles unha correspondencia propia e axeitada en galego. Para realizar esta selección utilizáronse os seguintes dicionarios e refraneiros: *Die deutschen Sprichwörter* (Reclam), *Dictionary of European Proverbs* (Routledge), *Duden Redewendungen und sprichwörtliche Redensarten: Wörterbuch der deutschen Idiomatik* (Dudenverlag), *Grobes Wörterbuch Deutsch Redewendungen und sprichwörtliche Redensarten* (Buch und Zeit).

3. Redacción dun breve comentario ou explicación de cada un dos refráns seleccionados. Esta tarefa precisa unha atención moi especial para expresa-lo significado dos refráns en poucas palabras.

4. Obtención dos equivalentes galegos. Empregamos equivalencia en vez de traducción, porque, salvo nos casos nos que existe o mesmo refrán en ámbalas linguas, procuramos ofrece-lo equivalente conceptual, xa que, como di Sevilla Muñoz³⁰, cada lingua se expresa cun selo propio e característico do que non se debe prescindir. Ademais de resultar moitas veces pobre e inexpresiva, a simple traducción palabra por palabra resulta estraña e nalgunhas ocasións incluso contraria ó espírito de cada lingua. Esta fase de emparellamento foi quizais a máis difícil. O primeiro paso consistiu en busca-los equivalentes galegos nas categorías similares dos dicionarios e refraneiros consultados. O material de consulta fundamental foi o *Refraneiro Galego Básico* de Ferro Ruibal, o *Diccionario de dicionarios* en versión CD-ROM, o *Diccionario de refráns* de Conde Tarrío, o *Diccionario da Real Academia Galega* así como o artigo de Fernández de Sanmamed e Montero Küpper “100 paremias alemanas e a súas correspondencias galegas”. Esta busca produciu certos resultados, pero como as imaxes que utilizan os refráns varían dun idioma a outro, non puidemos atopar-las correspondencias galegas de moitos refráns alemáns. Por este motivo, tivemos que esquecer-las imaxes ou metáforas iniciais do alemán e buscar sistematicamente nos refraneiros galegos para atopar-lo refrán equivalente. Evidentemente as dificultades foron moitas. A busca “un por un” resulta longa e complicada, xa que ademais de ter que facela para cada refrán, durante esta busca apareceron moitos refráns dos que habería que indaga-lo seu significado para saber se poderían ser un equivalente. Ante a dúbida, estes refráns non se incluíron. Ás veces atopáronse varios refráns equivalentes para o mesmo refrán orixe, outras veces apareceron moitas variantes dun mesmo refrán, estas variantes e sinónimos tamén se incluíron. Así mesmo, despois de realiza-la busca de refráns galegos, algúns refráns alemáns tiveron que ser desbotados das distintas clasificacións por non atoparse un equivalente para eles.

³⁰ Sevilla et al. 1999: 481-486

Este método ten algúns inconvenientes, xa que o material recollido non sempre é homoxéneo e, como consecuencia, algunhas categorías aparecen medio baleiras, mentres que outras sofren unha “saturación”. A modo de exemplo, a categoría *Frau, Mädchen, Weib* ten 29 entradas, mentres que na categoría *Kinder* só se atopan 9.

Unha vez establecidas as equivalencias xorde un problema. Aínda que dous refráns de dúas linguas distintas sexan equivalentes en canto ó significado, o seu uso, nivel de lingua ou vixencia non teñen por que se-los mesmos. Incluso dentro dunha mesma lingua un refrán pode estar vixente nunha zona xeográfica e non noutra, pode atoparse en uso entre os falantes dunha determinada idade e atoparse esquecido para outros. Para poder ofrecer este tipo de clasificación máis profunda habería que realizar atlas paremiolóxicos de cada lingua, tarefa que se afasta moito do ámbito deste proxecto.

Como comentamos anteriormente, durante a realización do refraneiro, puidemos observar que algúns refráns presentaban variantes e que outros podían considerarse sinónimos. Neste punto temos que facer un pequeno inciso para explica-lo que consideramos un sinónimo e unha variante dun refrán neste refraneiro. Por sinónimo entendemos un refrán de significado próximo ou sentido emparentado, mentres que por variante entendemos aquel refrán que presenta unha forma lixeiramente modificada ou diferente³¹. Velaquí estes exemplos:

- Wer sich zum Esel macht, der muss Säcke tragen
Advirte de que as persoas brandas, fráxiles de carácter ou pouco decididas acaban sendo engulidas polas de temperamento máis forte e carácter máis decidido
Facédevos mel e comeravos as moscas
V. *Faite mel e comerante as moscas*
Faite ovella e comerate o lobo
O que se fai ovella, cómeno os lobos
O que se volve mel, cómeno as moscas

- Das Pferd beim Zaum, den Mann beim Wort
Este refrán insta ás persoas a cumpri-las súas promesas, xa que a elas se deben

³¹ Ver páxina 11

O boi, pola corda; e o home, pola boca

S. O home, pola parola; e o boi, pola corda

O home, pola palabra; e o boi, pola corna

A inclusión de sinónimos e variantes alemanas ten como función proporcionarlle ó traductor o máximo número posible de refráns nos que buscar. No caso dos sinónimos e variantes galegos o que se busca é proporcionarlle ó traductor o maior número posible de refráns para escolle-lo que máis se adapta á súa traducción.

Para finalizar este apartado, establécense algunhas pautas para a consulta do refraneiro. Este se pode consultar de dous xeitos: a primeira opción sería a busca directa no índice alfabético de refráns alemáns que aparece ó final do refraneiro. Mediante esta opción basta con busca-lo refrán en cuestión no índice e se o atopamos ir á entrada do refraneiro que alí aparece recollida.

Outra posibilidade de busca consistiría en acudir directamente ó refraneiro. Poñamos un exemplo práctico. Queremos buscar este refrán:

Es stolpert oft ein Pferd, das vier Füß hat

En primeiro lugar teremos que buscar unha palabra chave que coincida con algunha das categorías nas que está dividido o refraneiro:

1. *Esel* (burro)
2. *Frau, Mädchen, Weib* (muller, rapaza)
3. *Gaul, Pferd* (cabalo)
4. *Geld* (cartos)
5. *Hahn, Huhn, Henne* (galo, galiña e pitos)
6. *Hund* (can)
7. *Kater, Katz, Kätzchen* (gato, gata, michiños)
8. *Kinder* (nenos e fillos)
9. *Mann* (home)
10. *Schwein, Sau* (porco, porca)
11. *Ochs, Kuh, Kalb* (boi, touro, vaca, cuxo)

Neste caso a palabra chave é *Pferd*. Hai que ir a ese apartado do refraneiro e buscar unha entrada que coincida co refrán que buscamos.

Se a atopamos a nosa busca termina neste punto, mais é posible que non atopémo-lo refrán que buscamos na entrada do refraneiro. Nese caso tamén haberá que buscar nas variantes ou sinónimos que presenten unha entrada, como neste caso:

- Das beste Pferd stolpert und hat vier Beine
V. Es stolpert oft ein Pferd, das vier Füß hat
 Stolpert doch auch ein Pferd mit vier Beinen
S. Auch der beste Gaul kann straucheln

- Ninguén está libre de cometer un erro
O mellor cabalo dá un tropezón
S. *O carro máis mellor pódese torcer*
 O mellor viño fai borra

O refrán que buscamos aparece recollido como unha variante da entrada principal.

Por último, hai que subliñar que neste refraneiro tamén aparece recollido un índice das paremias galegas. Este índice pode servir para a realizar buscas inversas, é dicir, do galego ó alemán, aínda que nun principio o refraneiro sexa alemán-galego.

v.

O sexismo e o refraneiro

U nha vez elaborado o refraneiro, puidemos comprobar que certas categorías tiñan máis entradas que outras e entre as que máis entradas tiñan destacaba as categorías de *Hund* (can) e de *Frau, Mädchen, Weib* (muller, rapaza). Nesta última categoría puidemos constatar que a maioría dos refráns que teñen como tema central a muller, tanto alemáns como galegos, son claramente machistas. Debido a esta cantidade de equivalencias atopadas parécenos interesante facer un apartado para analizar brevemente a visión que sobre a muller teñen os refraneiros alemán e galego.

Se considerámo-los refráns como reflexo da sabedoría popular e estes ademais teñen a súa orixe en épocas pasadas e en sociedades nas que imperaba o machismo, non resulta difícil pensar que os refráns tamén van reflectir esa visión machista. Deste modo, durante a realización do glosario, atopámonos que tanto os refráns alemáns como os galegos tratan dun modo bastante machista á muller, e recollen unha serie de tópicos nada correctos se os observamos dende a perspectiva de igualdade entre homes e mulleres existente hoxe en día. Tanto nos refráns alemáns como nos galegos, a muller aparece como un ser contradictorio, demasiado falador e incluso perigoso. Tamén existen refráns nos que se valora positivamente a muller, aínda que son moito menores en número. Velaquí algúns exemplos de cómo tratan os refráns alemáns e galegos a muller obtidos a partir da observación do corpus incluído no refraneiro deste traballo.

- O castigo físico á muller recoméndase en bastantes refráns
*Ein Weib, ein Esel und eine Nuss – diese drei man klopfen muss
Frauen und Koteletts werden um so besser, je mehr man sie klopft
Klopfe den Pelz aus – es wird dir wärmer; klopfe das Weib, sie
wir dir lieber
Liebe dein Weib von ganzem Herzen, schlage es, dass die
Glieder schmerzen
Weiber und Pferde wollen geschlagen sein*
A burra e a muller a paos hainas que tanguer
Á muller e á galiña, tórcelle o pescozo verás como queda mansiña

- A morte da muller non supón unha gran dor
Tod der Frau und Stoß am Ellbogen tut gleich weh
Dor de muller morta dura ata a porta

- A muller resulta un perigo para o home.
*Drei W' bringen uns viel Pein: Weiber, Würfelspiel und Wein
Weiber, Wein und Würfspiel verderben Menschen viel*
Mulleres e viño sacan ó home do bo camiño
Mulleres e malas noites matan os homes

- O refraneiro tamén advirte ó home do perigo de casarse
*Ein Mann, der ein Weib genommen, ist in einen Käfig gekommen
Männer, die ein Weib genommen, sind um ihre Freiheit gekommen*
Casáronte, cazáronte

- As bagoas da muller non son dignas de confianza
*Andere Hunde hinken, Bühlen winken, Frauen weinen,
Judenschwören soll sich niemand kehren*
En bágoas de muller non se pode crer
En coxeira de can e bágoas de muller non hai que crer

- A muller é un ser voluble
*Die Frau ist ein wechselhaftes Wesen
Frauen sind launisch
Veränderlich ist Frauensinn und nimmer gleicht er sich*

A muller é antolladiza, e a cabra é espantadiza
 Entre o si e o non das mulleres, non cabe a punta dun alfinete
 Catro mulleres, catrocentos pareceres

- O lugar da muller atópase na casa
Das Weib und der Ofen sollen zu Hause bleiben
Die Frau ist zu Hause am schönsten
Wer seine Frau Lieb hat, lasse sie zu Hause
 A muller casada e honrada, a perna crebada para que non saia da casa
 A muller honrada, a perna crebada e na casa
Eine Frau am Fenster und ein Weinstock am Wege sind schwer zu hüten
 Muller ventaneira para quen a queira

- Tamén aparece o arquetipo de muller boa. Este refírese normalmente á muller traballadora, esposa fiel, boa nai, obediente, etc. Vexamos algúns exemplos:
Der Mann baut das Haus, die Frau das Heim
 O home gana a facenda, e a muller consérvaa
Ein Mann ohne Frau ist ein Baum ohne Laub und Zweige
Mann ohne Weib, Haupt ohne Leib
Mann ohne Weib, Haupt ohne Leib: Weib ohne Mann, Leib ohne Haupt daran
 A muller é a metade do home
 A muller fai o home
 Home sen muller, home non é
 Non hai macho sen femia

VI.

Pequeno refraneiro Alemán > Galego

ESEL (BURRO)

1

Als Esel geboren, als Esel gestorben

O que dá a natureza non se pode cambiar

O que nace burro, burro morre

2

Auf einen Eselkopf sind Laugen umsonst

Refrán que denota a inutilidade de certas accións

Burro lavado, xabón perdido

S. O que lava a cabeza da burra, perde o xabón e perde a lavadura

3

Besser von einem Esel getragen, als durch ein Pferd in den Sand geworfen

Aconsella escoller a máis segura de entre as distintas opcións que se presentan na vida.

Máis quero un burro que me leve, que cabalo que me deixe

4

Ein Esel bleibt ein Esel, und kãm' er gen Rom

Sinala que as persoas de pouca intelixencia, vaian onde vaian, non poden sacar proveito das súas experiencias

O que burro vai a Roma, burro vén de volta

5 Er schlägt auf den Sack und meint den Esel

Ás veces unha persoa recibe un castigo por un delicto que outro cometeu

A culpa do burro botáronlla á albarda

S. Xogan os burros e páganos os arrieiros

6 Esel dulden stumm, allzu gut ist dumm

Moitas veces quen máis dá é quen menos recibe

De balde andan os cans e tíranlles pedras

7 Schick den Esel nach Oxford, nimmer wird ein Pferd er dort

Sinala que as persoas de pouca intelixencia, vaian onde vaian, non poden sacar proveito das súas experiencias

O que burro vai a Roma, burro vén de volta

8 Wenn dem Esel zu wohl ist, geht er auf Eis tanzen

As desgracias ou accidentes sempre suceden nos momentos máis inoportunos

O burro que moito carga, logo rompe o aparello

9 Wer den Esel mit Seife wäscht, hat schlechten Lohn davon

Refrán que denota a inutilidade de certas accións

Burro lavado, xabón perdido

S. O que lava a cabeza da burra, perde o xabón e perde a lava-dura

10 Wer sich zum Esel macht, der muss Säcke tragen

Advirte de que as persoas brandas, fráxiles de carácter ou pouco decididas acaban sendo engulidas polas de temperamento máis forte e carácter máis decidido

Facédevos mel e comeravos as moscas
V. *Faite mel e comerante as moscas*
Faite ovella e comerate o lobo
O que se fai ovella, cómeno os lobos
O que se volve mel, cómeno as moscas
Quen se fai de mel, cómeno as moscas

11 **Zieht ein Esel über den Rhein, kommt ein I-a wieder heim**

Sinala que as persoas de pouca intelixencia, vaian onde vaian, non poden sacar proveito das súas experiencias

O que burro vai a Roma, burro vén de volta

FRAU, MÄDCHEN, WEIB (MULLER, NENA E RAPAZA)

12 **Andere Hunde hinken, Buhlen winken, Frauen weinen, Judenschwören soll sich niemand kehren**

Refrán machista que aconsella non tomar en serio as mostras de sufrimento das mulleres

En bágoas de muller non se pode crer

S. *En coxeira de can e bágoas de muller non hai que crer*

Non críes galiñas cerca da raposa, nin creas en bágoas de muller chorona

13 **Barmherzige Mutter zieht grindige Töchter**

V. Barmherzige Mutter zieht lausige Kinder

Fai referencia ós fillos que resultan moi diferentes ós seus pais e, máis concretamente ós que teñen vicios que os seus proxenitores non tiveron

Nai facendosa fai a filla preguiceira

V. *Nai moi governeira, filla preguiceira*

14 Bei Nacht sind alle Weiber gleich

S. Lösche das Licht aus, so sind alle Weiber gleich

Certas circunstancias, como a falla de luz ou de claridade, igualan ou asemellan as cousas ou as persoas distintas entre elas, ou ocultan ou atenúan os seus defectos e diferencias

De noite non hai muller fea

S. *Ás escuras de nada valen as fermosuras*

15 Das Weib und der Ofen sollen zu Hause bleiben

S. Die Frau ist zu Hause am schönsten

Wer seine Frau lieb hat, lasse sie zu Hause

Refrán machista que afirma que o fogar é o lugar máis apropiado para a muller

A muller casada e honrada, a perna crebada para que non saia da casa

V. *A muller honrada, a perna crebada e na casa*

16 Der Mutter schenk' ich, an die Tochter denk' ich

S. Man küßt das Kind oft um der Mütter willen

Mit der Mutter soll beginnen, wer die Tochter will gewinnen

Ensina que para gañarse o afecto dunha persoa hai que empezar por gañarse ós seus achegados

Quen quere a Beltrán, quere o seu can

V. *Quen quere a Xan, quere o seu can*

17 Die Frau ist ein wechselhaftes Wesen

Utilízase para critica-la suposta volubilidade da opinión das mulleres

Entre o si e o non das mulleres, non cabe a punta dun alfinete

S. *Catro mulleres, catrocentos pareceres*

Tres mulleres, trinta pareceres

18 Drei W' bringen uns viel Pein: Weiber, Würfelspiel und Wein

S. Weiber, Wein und Würfelspiel verderben Menschen viel

desenvolvemento de exemplos

Refrán machista que prevén sobre os perigos do amor e do viño: os dous cegan a razón

Mulleres e viño sacan ó home do bo camiño

S. Mulleres e malas noites matan os homes

19 **Ein Mann ohne Frau ist ein Baum ohne Laub und Zweige**

Indica a importancia que ten a muller para o home

A muller é a metade do home

S. A muller fai o home

Home sen muller, home non é

Non hai macho sen femia

20 **Ein Weib, ein Esel und eine Nuss – diese drei man klopfen muss**

V. Nussbäume und Weiber wollen geschlagen sein

Refrán machista que reivindica o castigo físico para trata-las mulleres

A burra e a muller a paos hainas que tanguer

S. Á muller e á galiña, tórcelle o pescozo verás como queda mansiña

21 **Eine Frau am Fenster und ein Weinstock am Wege sind schwer zu hüten**

Refrán machista que afirma que as mulleres ás que lles gusta amosarse teñen demasiado perigo

Muller ventaneira para quen a queira

22 **Frauen können lachen, weinen wenn sie wollen**

Refrán machista que dá a entender que as mulleres utilizan as súas bágoas para o seu proveito

A muller ri cando pode e chora cando quere

23 **Frauen sind launisch**

Utilízase para critica-la suposta volubilidade da opinión das mulleres

A muller é antolladiza e a cabra é espantadiza

24 Frauen und Koteletts werden um so besser, je mehr man sie klopft

Refrán machista que reivindica o castigo físico para trata-las mulleres

A burra e a muller a paos hainas que tanguer

S. Á muller e á galiña, tórcele o pescozo verás como queda mansiña

25 Klopfe den Pelz aus – es wird dir wärmer; klopfe das Weib, sie wird dir lieber

Refrán machista que reivindica o castigo físico para trata-las mulleres

A burra e a muller a paos hainas que tanguer

S. Á muller e á galiña, tórcele o pescozo verás como queda mansiña

26 Liebe dein Weib von ganzem Herzen, schlage es, dass die Glieder schmerzen

Refrán machista que reivindica o castigo físico para trata-las mulleres

A burra e a muller a paos hainas que tanguer

S. Á muller e á galiña, tórcele o pescozo verás como queda mansiña

27 Mann ohne Weib, Haupt ohne Leib

S. Mann ohne Weib, Haupt ohne Leib: Weib ohne Mann, Leib ohne Haupt daran

Indica a importancia que ten a muller para o home

A muller é a metade do home

S. A muller fai o home

Home sen muller, home non é

Non hai macho sen femia

28 Nimm kein böses Weib ins Haus, denn sie treibt dich selbst hinaus

Enumera algunhas circunstancias que resultan molestas para o home e que lle fan ausentarse da casa

O fume, a goteira e a muller brava botan o home fóra da súa casa

29 Tod der Frau und Stoß am Ellbogen tut gleich weh

Refrán que dá a entender que hai homes que case non senten a perda da súa esposa

Dor de muller morta dura ata a porta

V. O pranto da muller morta non pasa da porta

30 **Veränderlich ist Frauensinn und nimmer gleicht er sich**

Utilízase para critica-la suposta volubilidade da opinión das mulleres
Catro mulleres, catrocentos pareceres
V. Tres mulleres, trinta pareceres

31 **Verheirate deinen Sohne wenn du willst, und deine Tochter wenn du kannst**

Refrán machista no que queda patente a inferioridade na que se atopa a muller con respecto ó home, incluso no tocante ó matrimonio
A filla dala a quen a pida; o fillo hase mirar a quen se ha de dar
V. Casa a túa filla como puideres e o teu fillo como quixeres.
Casa o fillo cando quixeres e a filla, canto máis antes puideres
Casa o teu fillo cando queiras e a túa filla cando poidas

32 **Was eine Frau sich vornimmt, setzt sie durch**

Constata a capacidade das mulleres para conseguir todo o que se propoñen
A muller e o ouro pódeno todo
S. O que quer a muller, iso se ha facer

33 **Weiber und Pferde wollen geschlagen sein**

Refrán machista que reivindica o castigo físico para trata-las mulleres
A burra e a muller a paos hainos que tanguer

34 **Weiber, Wind und Glück sind immer veränderlich**

V. Weiber, Glück und Wind, ändern sich geschwind
Utilízase para critica-la suposta volubilidade da opinión das mulleres
Muller, vento e ventura, logo se mudan



35 Wein und Weiber betören den Weisen

Refrán que prevén sobre os perigos das mulleres e do viño: os dous alteran a razón

A muller e o viño sacan o home de tino

36 Wer sein Weib schlägt, dem bessert Gott die Nahrung

Refrán machista que reivindica o castigo físico para trata-las mulleres

A burra e a muller a paos hainas que tanguer

Á muller e á galiña, tórcele o pescozo verás como queda mansiña

37 Wie der Baum, so die Birn'; wie die Frau, so die Dirn'

O carácter dos que mandan reflíctese naqueles que lles obedecen

Cal amo, tal o criado

S. Cal é o can, tal é o dono

A bo capelán, mellor sancristán

38 Wo das Weib in Hosen geht, der Mann in Ordnung selten steht

Refrán machista que incide na idea de que unha casa debe ser gobernada por un home e nunca por unha muller

Mal anda a casa onde a roca manda na aixada

S. Cando a galiña pica no galo, malo, malo

39 Wo Weiber führen das Regiment, da nimmt es selten ein gutes End

Refrán machista que incide na idea de que unha casa debe ser gobernada por un home e nunca por unha muller

Mal anda a casa onde a roca manda na aixada

S. Cando a galiña pica no galo, malo, malo

GAUL, PFERD (CABALO)**40 Auch der beste Gaul kann straucheln**

S. Es strauchelt auch ein Pferd und hat doch vier Beine

Ninguén está libre de cometer un erro
O mellor cabalo dá un tropezón
S. O carro máis mellor pódese torcer
O mellor viño fai borra

41 Das Auge des Herrn macht das Pferd fett

Lembra que é conveniente que o dono ou patrón atenda persoalmente as súas posesións ou negocios para que estes melloren
O ollo do amo engorda o cabalo
S. O mellor penso do cabalo está no ollo do amo

42 Das beste Pferd stolpert und hat vier Beine

V. Es stolpert oft ein Pferd, das vier Füß hat
Stolpert doch auch ein Pferd mit vier Beinen
S. Auch der beste Gaul kann straucheln
Ninguén está libre de cometer un erro
O mellor cabalo dá un tropezón
S. O carro máis mellor pódese torcer
O mellor viño fai borra

43 Das Pferd beim Zaum, den Mann beim Wort

Este refrán insta ás persoas a cumprilas súas promesas, xa que a elas se deben
O boi, pola corda e o home, pola boca
V. O home, pola parola e o boi, pola corda
O home, pola palabra e o boi, pola corna

44 Das Pferd, das am besten zieht, bekommt die meisten Schläge

V. Das Pferd das am meisten zieht, bekommt am wenigsten
Moitas veces quen máis dá é quen menos recibe
De balde andan os cans e tíranlles pedras



45 Der Bettler, der Ritter geworden, jagt sein Pferd zu Tode

V. Der Bettler, der Ritter worden, jagt sein Pferd zu Tod

Cando unha persoa de baixa condición goza de privilexios, axiña esquece a súa procedencia e envaidécese

Cando o vilán vai no mulo, coida que é seu todo o mundo

S. *Cando o vilán enriquece, a ninguén coñece*

46 Die Fliege setzt sich immer auf ein mageres Pferd

Os problemas cébanse nas persoas máis desgraciadas

Cando fraco todo é carrachas

47 Ein alter Gaul macht gerade Furchen

Refrán que indica que o cabalo vello posúe unha gran experiencia no seu traballo. Por extensión pódese dicir que o paso dos anos proporciona unha gran experiencia.

Boi feito fai o barbeito co suco dereito

48 Ein junges Pferd braucht einen alten Reiter

O mellor xinete para un cabalo novo, moitas veces demasiado impetuoso, é o xinete vello e experimentado. Por extensión pódese dicir que tódalas persoas novas precisan dos coñecementos e experiencia das persoas máis vellas

A cabaleiro vello, cabalo novo

49 Ein Mietsgaul darf nicht müde werden

Pedir cousas emprastadas resulta moi proveitoso xa que así non hai que gastar nelas

Cabalo alleo non come nin se cansa e se se cansa moito, alá o seu dono

50 Fremdes Pferd und eigene Sporen machen kurze Meilen

Pedir cousas emprastadas resulta moi proveitoso xa que así non hai que gastar nelas

A cabalo alleo, espora propia

51 **Geschenktem Gaul schaut man nicht ins Maul**

Aconsella acepta-los regalos sen buscarlles defectos
A caballo dado non lle míre-lo dente

52 **Wenn ein Bettler auf's Pferd kommt, so kann ihm kein Teufel mehr voraneilen**

S. Wenn der Bauer aufs Pferd kommt, reitet er schärfer als ein Edelmann

Wenn ein Bauer auf den Gaul kommt, reitet er stolzer als ein Edelmann

Cando unha persoa de baixa condición goza de privilexios, axiña esquece a súa procedencia e envaidécese

Cando o vilán vai no mulo, coida que é seu todo o mundo
S. *Cando o vilán enriquece, a ningún coñece*

53 **Wie der Mann, so das Pferd**

O carácter dos que mandan reflíctese naqueles que lles obedecen
Cal amo, tal o criado
S. *A bo capelán, mellor sancristán*

54 **Williges Pferd soll man nicht spornen**

V. Ein williges Pferd soll man nicht spornen
Cando algo funciona ben non hai que esixirle máis
Cabalo que voa non precisa espora

GELD (CARTOS, DIÑEIRO)

55 **Der Groschen bringt den Taler**

V. Der Pfennig bringt den Taler
Viele Pfennige machen einen Taler

A acumulación de pequenas cantidades pode se-la orixe da consecución de grandes fortunas.

Carto a carto faise o ducado



56 Für Geld kann man alles haben

Subliña a importancia do diñeiro como medio para conseguilo que se pretende

Coa prata todo se alcanza

57 Geld geht durch alle Türen, außer der Himmelstür

En vida o diñeiro é moi importante, pero despois de morto non serve para nada

Deus no ceo e na terra o diñeiro

58 Geld ist der beste Reisegefährte

Subliña a importancia de contar con diñeiro para acadalo que se pretende

O diñeiro sempre foi o mellor compañeiro

59 Geld ist ein gut Diener, aber ein schlechter Herr

Indica que o diñeiro é proveitoso cando serve á persoa, pero que resulta perigoso cando a persoa serve ó diñeiro

O diñeiro é tan bo servidor como mal señor

60 Geld kann auch einen Stein hohlen

O diñeiro conségueo todo

O diñeiro pódeo todo

S. Coa prata todo se alcanza

61 Geld kommt zu Geld

V. Wo Geld ist, kommt Geld dazu

Wo Geld ist, will Geld hin

A posesión de diñeiro facilita a entrada en negocios e investimentos que xeran maiores beneficios

Diñeiro busca diñeiro

S. Diñeiro gaña diñeiro

62 **Geld macht alles**

Con diñeiro todo se consegue

O diñeiro pódeo todo

S. Coa prata todo se alcanza

63 **Geld öffnet alle Türen**

Con diñeiro todo se consegue

O diñeiro pódeo todo

S. Coa prata todo se alcanza

64 **Geld regiert die Welt**

V. Geld zwingt die Welt

O diñeiro é o amo do mundo

O diñeiro é o amo do mundo enteiro

S. O diñeiro manda

65 **Geld stinkt nicht**

A todo o mundo lle gustan os cartos, sexa cal for a súa orixe

Ben cheira o diñeiro, inda que veña dun esterqueiro

66 **Pfennig ist Pfennig Bruder**

A posesión de diñeiro facilita a entrada en negocios e investimentos que xeran maiores beneficios

Diñeiro busca diñeiro

S. Diñeiro gaña diñeiro

67 **So geht die Welt – ihr Gott ist Geld**

O diñeiro é o amo do mundo

O diñeiro é o amo do mundo enteiro

S. O diñeiro manda

HAHN, HUHN, HENNE (GALO, GALIÑA, PITO)**68 Auch ein gescheites Huhn legt die Eier neben das Nest**

Ninguén está libre de cometer un erro

O mellor nadador afoga no río

S. Ó mellor escribidor esgállaselle a pluma

O mellor viño fai borra

69 Der Hahn ist König auf seinem Mist

V. Der Hahn ist kühn auf seinem Mist

Der Hahn weiß sich viel auf seinem Miste

Jeder Hahn ist stolz auf seinem Neste

Na propia casa as persoas séntense fortes e con autoridade

S. Cada galo canta no seu galiñeiro, ou no seu poleiro.

Cada un na súa casa é un rei

70 Der Hahn kräht am kühnsten auf eigenem Mist

Na propia casa as persoas séntense fortes e con autoridade

Cada galo canta no seu galiñeiro, ou no seu poleiro.

S. Cada galo canta no seu galiñeiro, e o que é bo, no seu e no alleo

71 Der junge Hahn kräht, wie er's vom Alten gelernt hat

S. Wie die alten Hähne krähen, so krähen auch die Jungen

Refrán que alude ás coincidencias (en afeccións, físico, defectos) que adoitan darse entre pais e fillos

De tal niño, tal paxariño

S. De tal pao, tal racha

72 Ein blindes Huhn findet auch mal ein Korn

V. Auch ein blindes Huhn findet mal ein Körnlein

Eine blinde Henne findet ein Korn auf der Tenne

Eine blinde Henne kann auch ein Korn finden

Ein blindes Huhn findet auch wohl eine Erbse
Es findet wohl auch ein blindes Huhn ein Weizenkorn
Este refrán recoñece que a miúdo as persoas que menos merecen
son as que máis sorte teñen
O máis ruín porco topa unha boa landra

73 Ein schlafender Fuchs fängt kein Huhn

Para acadalo que se quere non se pode ser preguiceiro, hai que traballar para acadalo
Ó raposo dormente non lle amence a galiña no dente

74 Ein schwarzes Huhn legt auch weiße Eier

Ás veces, os fillos non se parecen ós pais, xa sexa para ben ou para mal
Da ovella negra nace un año branco
V. *Da ovella branca nace un año negro*

75 Hühner, die viel gackern, legen wenig Eier

Critica a aqueles ós que se lles vai a forza pola boca
Gato que moito miaña, poucos ratos caza
S. *Can moi ladrador, pouco mordedor*

76 Kluge Hennen legen auch einmal in die Nesseln

V. Kluge Hühner legen auch einmal in die Nesseln
Ninguén está libre de cometer un erro
O mellor nadador afoga no río
S. *Ó mellor escribidor esgállaselle a pluma*
O mellor viño fai borra

77 Kräht die Henn und schweigt der Hahn, ist das Haus gar übel dran

V. Wo die Henne kräht und der Hahn ist stumm, da steht's mit dem Frieden krumm
Wo die Henne kräht und der Hahn schweigt, da geht's liederlich zu

Refrán machista que incide na idea de que unha casa debe ser gobernada por un home e nunca por unha muller

Cando a galiña pica no galo, malo, malo; e cando o galo pica na galiña, aínda, aínda

S. *Mal anda a casa onde a roca manda na aixada*

78 **Kümmere dich nicht um ungelegte Eier**

Non convén adiantarse ós acontecementos cando aínda non é de todo seguro que ocorran

Aínda non pariu a cabra e xa o cabrito mama

S. *Fillo non o temos e nome xa lle poñemos*

79 **Seine Hühner legen Eier mit zwei Dottern**

Critica as persoas envexosas que esaxeran o valor do alleo

A galiña da miña veciña está máis gorda que a miña

V. *A galiña da miña veciña pon máis ovos que a miña*

A galiña da miña veciña, sempre parece máis gorda que a miña

80 **Wie die Henne, so die Eier**

Refrán que alude ás coincidencias (en afeccións, físico, defectos) que adoitan darse entre pais e fillos

Tal paxaro, tal ovo

81 **Wie die Hühner gackern, so die Küklein**

Refrán que alude ás coincidencias (en afeccións, físico, defectos) que adoitan darse entre pais e fillos

De tal niño, tal paxariño

S. *De tal pao, tal racha.*

HUND (CAN)

82 **Alte Hunde bellen nicht umsonst**

S. *Bellt ein alter Hund, so soll man anschauen*

Wenn alte Hunde bellen, ist es Zeit, dass man ausschaut

Ensina que as persoas de idade avanzada nunca din ou fan algo sen unha razón de peso e por iso hailles que prestar atención cando o fan
O can vello, se ladra, dá consello

83 Alte Hunde lassen sich schwer bändigen

V. Alte Hunde sind schwer bändig zu machen
Alte Hunde sind schwer zu bändigen
Der alte Hund gewöhnt sich schwer an ein Halsband
Es ist nicht leicht, alte Hunde an die Kette zu legen
É moi difícil que unha persoa maior aprenda ou se afaga a cousas novas
Besta vella non entra en paso

84 Alte Hunde lernen nicht tanzen

V. Ein alter Hund lernt schwer tanzen
Ein alter Hund lernt keine Kunststücke mehr
Ein alter Hund lernt nimmer stehen
É moi difícil que unha persoa maior aprenda ou se afaga a cousas novas
Besta vella non entra en paso

85 Alte Hunde sind schwer bellen lehren

V. Alte Hunde ist böš' bellen lehren
É moi difícil que unha persoa maior aprenda ou se afaga a cousas novas
Besta vella non entra en paso

86 Aus dem Hunde, glaube mir, wird, wie er wäscht, doch nie ein Stier

Indica que as persoas nunca cambian
O can sempre será can

87 Bange Hunde bellen viel

Recomenda evita-los cans pouco ladradores porque poden ser traidores e facer dano sen previo aviso
Can que morde non ladra en van

88 Begossene Hunde fürchten das Wasser

As persoas que se viron expostas no pasado a grandes dificultades e infortunios escarmentan e teñen moito coidado de non volver a pasar por unha situación similar no futuro

Gato escaldado, da auga fría foxe.

V. O gato escaldado, a auga fría faille dano

89 Bellende Hunde beißen nicht

S. Die Hunde, die so arg bellen, sind lange nicht die schlimmsten Hunde, die viel bellen, beißen nicht

Xeralmente, os que falan moito fan pouco

Can moi ladrador, pouco mordedor

S. *Can ladrador, mal cazador*

Can que ladra, non morde nin caza

90 Bellenden Hunden gibt man Brot, hat man so vor ihrem Zorn keine Not

V. Bellenden Hunden stopft man das Maul mit Brot

Bösen Hunden muss man Brot vorwerfen

Sinala que o mellor modo de achegarse a un can que nos pode atacar é gañarse a súa amizade dándolle algo de comer

A can que moito ladra, bótalle un óso, verás que logo cala

S. *A can que os dentes regaña dálle pan ou talladas*

91 Besser ein lebender Hund als ein toter Löwe

S. Ein lebendiger Hund ist besser als ein toter Löwe

É preferible se-lo primeiro nunha asociación, empresa, etc., de pequeno tamaño, que se-lo último nunha de maior relevancia

Máis vale can vivo que león morto

92 Böse Hunde muss man nicht wecken

V. Schlafende Hunde soll man nicht wecken

Non hai que tenta-la sorte buscando riscos innecesarios

Ó can que dorme, non o espertes

93 Den toten Löwen beißen die Hunde

Os problemas cébanse nas persoas máis desgraciadas

Ó can mordido, todos o morden

S. A cadelo fraco todo son pulgas

O can fraco todo é carrachas

Ó can fraco todo se lle volven pulgas

Ó carro crebado nunca lle faltan petoutos

94 Der Hund der auf dem Heu liegt, frisst es selbst nicht und lässt es auch keinem ander'n

Alude ás persoas que, non podendo gozar dun ben, pretenden evitar que o gocen os demais

O can do hortelán non come as verzas nin deixa collelas para comelas

V. Como o can do hortelán, que non come el as peras nin as deixa comer ós máis

95 Der Hund frisst sein Gespiehenes wieder

V. Der Hund frisst wieder, was er ausgespieet hat

Der Hund schlingt wieder, was er gespiehen

Der Hund wendet sich zum eigenen Gespei

Constata un feito do comportamento do can

O can que trouse, o trouso papou, porque lle gustou

96 Der Hund ist ein Löwe in seinem Hause

V. Der Hund ist keck im eignen Haus

Der Hund ist tapfer auf seinem Mist

Ein Hund ist beherzt in seinem Hause

Na propia casa as persoas séntense fortes e con autoridade

Cada un na súa casa é un rei

S. Cada galo canta no seu galiñeiro, ou no seu poleiro

97 Der Hund knurrt, wenn man ihm den Knochen nehmen will, auch wenn er ihn nicht frisst

Alude ás persoas que, non podendo gozar dun ben, pretenden evitar que o gocen os demais

O can do hortelán non come as verzas nin deixa collelas para comelas

V. Como o can do hortelán, que non come el as peras nin as deixa comer ós máis

98 Des Gärtners Hund isst keinen Lattich, er will ihn aber auch ander'n nicht lassen

Alude ás persoas que, non podendo gozar dun ben, pretenden evitar que o gocen os demais

O can do hortelán non come as verzas nin deixa collelas para comelas

V. Como o can do hortelán, que non come el as peras nin as deixa comer ós máis

99 Ein Hund beißt dem andern den Schwanz nicht ab

As persoas que comparten intereses comúns coidan moito de non molestarse entre eles nin de propiciar disputas contrarias a eses intereses

Nunca o can morde a cadela

S. Entre bois non hai cornada

Nunca o lobo mata o lobo

100 Ein Hund bleibt ein Hund, wenn er gleich alle Tage in die Kirche ginge

V. Ging der Hund tags Tausend Stund zur Kirche, er ist doch ein Hund

Hund bleibt Hund

Indica que as persoas nunca cambian

O can sempre será can

101 Ein jeder Hund ist freudig auf seinem Mist

O orgullo que sentimos polas nosas posesións fai que estas aparecen ante os nosos ollos como as mellores

107 Man muss den Hund nicht eher schimpfen, als bis man aus dem Dorfe ist

Recomenda non celebra-lo éxito dunha empresa ata non terminala
Ata que non acabes non te gaves

S. *Mientras que está o capador enriba dela, non digas que a porca é túa*

Non digas pillei o gato, mentres non o teñas no saco

108 Schweigender Hund beißt am ersten

S. Stumme Hunde beißen gern

Avisa de que hai que ter coidado cos cans, e por extensión coas
 persoas caladas, xa que non avisan antes de actuar

Can que morde non ladra en van

109 Stille Hunde und stille Wasser sind gefährlich

V. Stumme Hunde und stille Wasser sind gefährlich

Recomenda evita-los cans pouco ladradores porque, ó igual que as
 augas tranquilas, poden ser traidores e facer dano sen previo aviso

¡Gárdate da auga mansa que non corre!

V. *¡Deus me libre da auga mansa, que eu me librarei da brava!*

110 Viele Hunde sind des Hasen Tod

Cando unha cousa ten moitos donos termínase perdendo, xa que
 ninguén se fai cargo dela

Burro de moitos cómeno os lobos

V. *Cousa de moitos cómena os lobos*

Ovella de moitos cómena os lobos

111 Vor Hunden, die nicht bellen, und Leuten die nicht reden, muss man sich hüten

Recomenda evita-los cans pouco ladradores porque, ó igual que as
 persoas caladas, poden ser traidores e facer dano sen previo aviso

¡Gárdate de home que non fala e de can que non ladra!

V. *¡Deus te libre de home que non fala e de can que non ladra!*

112 Was vom Hunde kommt, bellt gern

Refrán que alude ás coincidencias (en afeccións, físico, defectos) que adoitan darse entre pais e fillos

O fillo do gato mata o rato

S. Pais porcos, fillos marráns

113 Wenn der Hund mit dem Schwanze wedelt, meint er mehr das Fleisch als den Herrn

O motor que move a vontade das persoas é a satisfacción do propio interese

Dálle ó rabo o can, non por ti senón polo pan

S. O can baila polo pan

114 Wo der Hund aufs Kissen kommt, will er im Bette liegen

Recomenda seleccionar con tino as persoas nas que se deposita a confianza. Tamén se emprega para reprender directamente a quen abusa desa confianza.

Entrou o rato no meu celeiro e fíxose o meu herdeiro

KATER, KATZ, KÄTZCHEN (GATOS, GATAS, MICHOS)

115 Bei Nacht sind alle Katzen grau

Certas circunstancias, como a falla de luz ou de claridade, igualan ou asemellan as cousas ou as persoas distintas entre elas, ou ocultan ou atenúan os seus defectos e diferencias

De noite tódolos gatos son pardos

116 Das sind die bösen Katzen, die vorne lecken und hinten kratzen

V. Hüte dich vor den Katzen, die vorne lecken und hinten kratzen

Hüte dich vor jenen Katzen, die vorne lecken und hinten kratzen

Refrán que critica ás persoas que se comportan de xeito hipócrita, afagando por diante e atacando por detrás

O gato acariña co rabo, e rabuña coas unllas.

S. Gabar coa boca e morder co rabo, faise tódolos días do ano

Boca de mel e mans de fel

117 Der Katzen Freude, der Mäuse Sorge

S. Der Katzen Scherz ist der Mäuse Tod
 Was der Katze ein Spiel ist, macht der Maus keinen Spaß
 O que a unha persoa lle convén, a outra lle prexudica
O que é bo para o fígado é malo para o bazo
 S. *O que a uns mata a outros sana*

118 Die Katze fängt die Mäuse nicht in Handschuhen

Resulta moi difícil facer certas tarefas con demasiadas exquisiteces, especialmente para o que non está acostumado a elas
Non se collen troitas coas bragas enxoitadas
Quen peixes queira pescar tense que mollar

119 Eine verbrannte Katze scheut das Feuer

V. Immer scheut das Feuer die Katze, hat sie sich einst verbrannt die Tatze
 S. Gebrühte Katze scheut auch kaltes Wasser
 As persoas que se viron expostas no pasado a grandes dificultades e infortunios escarmentan e teñen moito coidado de non volver a pasar por unha situación similar no futuro
Gato escaldado, da auga fría foxe.
 V. *O gato escaldado, a auga fría faille dano*

120 Katzengebet geht nicht zum Himmel

Aconsella ser amable nas peticións para que sexan escoitadas, así como poñer ilusión e boa vontade no que se solicita para que sexa estimado
Orneos de burro non chegan ó ceo

121 Katzenkinder mausen gern

V. Was vom Katzen kommt, das mauset gern

Refrán que alude ás coincidencias (en afeccións, físico, defectos) que adoitan darse entre pais e fillos

Fillo de gato caza rato

V. *Fillo de gata, ratos mata*

O fillo do gato mata o rato

122 Was man spart vom Mund' fressen Katz' und Hund

Advirte de que o que non come o home cómeno os animais da casa

O can e o gato comen o mal gardado

123 Wenn der alte Kater auch nicht mehr mausen kann, so sitzt er doch gern vor dem Loch

A persoa que de mozo tivo certas habilidades, de vello non as perde completamente

Quen de mozo bailou ben, de vello inda lle dá un xeito

124 Wer sich zur Maus macht, den frisst der Kater

Advirte de que as persoas brandas, fráxiles de carácter ou pouco decididas acaban sendo engulidas polas de temperamento máis forte e carácter máis decidido

Facédevos mel e comeravos as moscas

V. *Faite mel e comerante as moscas*

Faite ovella e comerate o lobo

O que se fai ovella, cómeno os lobos

O que se volve mel, cómeno as moscas

Quen se fai de mel, cómeno as moscas

125 Wie die Katze, so das Kätzchen

Refrán que alude ás coincidencias (en afeccións, físico, defectos) que adoitan darse entre pais e fillos

Pais gatos, fillos michiños

V. *Pais porcos, fillos marráns*

S. *De tales pais, tales fillos*



126 **Worte eines Heiligen, Klauen einer Katze**

Refrán que critica as persoas que se comportan de xeito hipócrita, aflagando por diante e atacando por detrás

Cara de beato e unllas de gato

V. *Unllas de gato e cara de beato*

